



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



**HT**  
Herald Toupeiras  
Estamos **X**ti



# News Semanais

*Do 27 de xuño ao 2 de xullo*

# 2016

# INDICE:

1. NOTA INFORMATIVA SOBRE O "ACORDO RELATIVO Á SELECCIÓN DE REMUDISTAS" (CANDO O CONTRATO DO PRIMEIRO REMUDISTA SE EXTINGA POR CALQUERA CAUSA)
2. NOTA INFORMATIVA SOBRE O ACORDO DA COMISIÓN CENTRAL DE LISTAS: "INTEGRANTES DAS LISTAS EN POSTO NON VACANTE E SE ATOPEN GOZANDO DUN PERMISO POR PARTO"
3. PUBLICACIÓN DO NOVO PACTO DE CONTRATACIÓN DO SERGAS ASINADO POLA CSI-F
4. PRESENTADO NO PARLAMENTO O PROXECTO DE LEI QUE PERMITIRÁ A DEVOLUCIÓN A DA PARTE DEVINDICADA DA PAGA EXTRA DE 2013
5. PROPOSTAS DE CSI-F PARA A REESTRUTURACIÓN E PROMOCIÓN INTERNA DO PERSOAL AO SERVIZO DO PARLAMENTO
6. CSIF RECLAMA UN ACORDO BÁSICO PARA FAVORECER A GOVERNABILIDADE E AS REFORMAS QUE NECESITA ESPAÑA
7. NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA
8. CURSOS NA EGAP PARA PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA
9. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
10. OFERTAS DE EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO
11. OUTRAS NOVAS: UNIVERSIDADE, OFERTAS EMPREGO PÚBLICO, FAS, RESUMO PRENSA
12. PUBLICACIÓN IGE: "PENSIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL POR CONCELLO DE RESIDENCIA DO PENSIONISTA. ANO 2015"

## QUERES RECIBIR AS NOSAS NOVAS NA TÚA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO?

Se aínda non te inscribiches no apartado de suscripción para recibir as nosas novas e publicacións segue os pasos seguintes:

**PASO 1**

Accede a web <https://www.heraldtoupeiras.es/>



**PASO 2**

Na barra dereita da navegación vaite ao espazo "Queres recibir as nosas novas?"



**PASO 3**



Pon o teu correo electrónico

**PASO 4**



**PASO 5**



Aparecerá a seguinte mensaxe agradecendo o rexistro que deberás de confirmar...

... no correo electrónico de inscrición e na que mostrará unha mensaxe que deberás de confirmar a túa suscripción.

## 1. NOTA INFORMATIVA SOBRE O "ACORDO RELATIVO Á SELECCIÓN DE REMUDISTAS" (CANDO O CONTRATO DO PRIMEIRO REMUDISTA SE EXTINGA POR CALQUERA CAUSA)

Como resultado da proposta feita pola CSI•F no seo da comisión de seguimento do acordo para o acceso á xubilación parcial e o contrato de remuda, na que denunciámos o grave prexuízo que se causa a todas aquelas persoas que están a expectativa nas listas de contratación cando se acude o Servizo Público de Emprego para a selección dun novo remudista cando por calquera causa se extingue o contrato de remuda anterior, no día de hoxe alcanzamos e firmamos o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Unha nova redacción do segundo parágrafo da instrución cuarta das instrucións para a aplicación do acordo para o acceso a xubilación parcial e do contrato de remuda do persoal laboral do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia que queda do seguinte xeito:

*"2.-No suposto de que unha vez formalizado o contrato co remudista, este se extinga por calquera causa, no prazo de **10 días** deberá comunicarse á correspondente delegación territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social, o novo contrato de remuda realizado co substituto daquel, para dar cumprimento ao dito prazo, o remudista será seleccionado correlativamente do seguinte xeito:*

*1º.- Listas derivadas do Decreto 37/2006.*

*2º.-Lista confeccionada a propósito para a selección do remudista, sempre que non existan listas posteriores derivadas do Decreto 37/2006.*

*3º.-En caso de non existir listas do Decreto 37/2006 seleccionarase directamente polo Servizo Galego de Colocación".*

**Segundo.-** O presente acordo entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e darase conta do mesmo na próxima Comisión de Persoal

Autorízase ao persoal que determine a dirección xeral da función pública para o seu rexistro e publicación.

Santiago de Compostela a 30 de xuño de 2016.

## 2. NOTA INFORMATIVA SOBRE O ACORDO DA COMISIÓN CENTRAL DE LISTAS: "INTEGRANTES DAS LISTAS EN POSTO NON VACANTE E SE ATOPEN GOZANDO DUN PERMISO POR PARTO"

En aplicación do acordo adoptado na reunión da Comisión permanente do 25 de abril, recollido no apartado oitavo da acta número 103, sobre a elaboración dun texto que recollese a decisión da Comisión de que **as persoas interesadas non perdan a opción de mellora por non acudir a unha citación mentres estean de permiso de parto**, propónse e apróbase por unanimidade a seguinte redacción:

**As persoas integrantes das listas que estean a desempeñar un posto non vacante e se atopen gozando dun permiso por parto, adopción ou acollemento e lles sexa ofertado un posto vacante como mellora, se non comparecen á citación non lles será consumida a opción de mellora.**

As persoas interesadas deberán presentar, segundo o caso, a seguinte documentación xustificativa: a mesma que se esixe no anexo II da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG nº44, do 4 de marzo), para o permiso de parto e para o permiso por adopción ou por acollida preadoptiva, permanente ou simple.

En concreto:

- a. Suposto de parto: certificado médico oficial, certificado do nacemento do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia que acredite a data en que se produciu o nacemento.
- b. Adopción ou acollida preadoptiva, permanente ou simple: resolución administrativa ou xudicial da adopción ou da acollida, na cal conste, se é o caso, o carácter internacional da adopción ou da acollida.

Esta acordo amplía o adoptado con anterioridade na comisión do 13 de marzo de 2007, acta número 4, no que se acordaba incluír entre os casos nos que se apreciará a forza maior para os efectos de que non sexa de aplicación o artigo 15 do decreto 37/2006, os seguintes supostos:

- *CITACIÓNS POR MELLORA DE POSTO.*

Será necesario presentar a seguinte documentación: parte de baixa ou certificado de ingreso hospitalario.

Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumpran os requisitos sinalados.



### 3. PUBLICACIÓN DO NOVO PACTO DE CONTRATACIÓN DO SERGAS ASINADO POLA CSI-F

O pasado xoves publicouse no DOG o novo pacto de contratacións "**Pacto de selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia**" que asinou a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI•F) co Servizo Galego de Saúde que establece e regula o procedemento de selección, a través das listas elaboradas consonte a baremo, das persoas aspirantes a nomeamentos estatutarios temporais do Sistema público de saúde de Galicia.

O presente pacto aplicarase a todos os nomeamentos temporais que resulte necesario formalizar nas diversas categorías estatutarias no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, baixo as modalidades establecidas no artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro.

A sinatura deste pacto que incorpora avances destacados en aspectos como a conciliación da vida laboral e familiar das persoas aspirantes, a protección da maternidade, a transparencia e publicidade dos criterios de xestión ou a selección de persoal licenciado sanitario. **O Pacto foi aprobado o pasado 20 de maio por todas as organizacións sindicais da Mesa Sectorial - CSI•F, CIG, CCOO, UGT e CESM-O'MEGA-** coa excepción de SATSE.

Neste sentido, co obxectivo de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar dos aspirantes inscritos nas listas, no Pacto **recóllese a opción de suspensión de chamamentos sen penalización e con reactivación automática por asuntos propios**, para que os aspirantes poidan acollerse a descansos voluntarios anuais.

Así mesmo, refórzanse as garantías de intervalos mínimos de tempo entre o chamamento e a incorporación do profesional á efectiva prestación de servizos; e acóllense medidas cara a elección da área sanitaria de prestación de servizos para os aspirantes inscritos tanto nas listas de ámbito autonómico como nas de promoción interna temporal.

**No apartado de baremo recóllese que se terá en conta a maio das puntuacións obtidas polo aspirante na fase de oposición das dúas últimas convocatorias de OPE do SERGAS, na categoría á que opta, o que permite a aqueles aspirantes que por calquera causa non se presentasen á última OPE continuar mantendo unha puntuación neste apartado e incorporar, se fose o caso, a mellor das puntuacións obtidas. A puntuación máxima acadable por este concepto será do 60% da puntuación total do baremo.**

O novo Pacto contempla tamén aspectos que redundan nunha mellor calidade asistencial coa inclusión de novas áreas especiais, como as unidades de TAC e Resonancia Magnética, entre outras, que requiren a acreditación dunha formación ou experiencia previa do profesional para a prestación de servizos neses ámbitos.

**A súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2020**, prorrogándose automaticamente por sucesivos períodos de un ano, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao remate de cada ano natural.



## SELECCIÓN DE FACULTATIVOS ESPECIALISTAS

Ademais, a nova regulación incorpora o compromiso de negociación na Mesa Sectorial de Sanidade dunhas novas bases de selección de persoal facultativo especialista de área, de aplicación común para todos os centros, que incorporan a inscrición a través de Fides, a baremación automatizada e un baremo común e próximo ao aplicado nos procesos de selección fixa (OPEs)

En tanto non se publiquen as listas definitivas de persoas aspirantes seleccionadas en aplicación dos criterios contidos no presente Pacto, serán de aplicación respecto de cada categoría e para os chamamentos que resulte necesario efectuar, as últimas listaxes confeccionadas e as normas de xestión contidas na regulación anterior correspondente, excepto no relativo ao réxime de suspensión voluntaria e de chamamentos, no que resultará de aplicación directa o apartado III.4 (SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS) recollido no texto do novo acordo.

[Preme aquí para ver o documento](#)

[Novidades do novo pacto de contratación](#)

## 4. PRESENTADO NO PARLAMENTO O PROXECTO DE LEI QUE PERMITIRÁ A DEVOLUCIÓN A DA PARTE DEVINDICADA DA PAGA EXTRA DE 2013

### O conselleiro de Facenda destaca que a Xunta aboará de oficio aos empregados públicos a parte devindicada da extra de 2013

O conselleiro de Facenda, presentou esta semana no Parlamento o proxecto de lei polo que a Xunta aboará de oficio aos empregados públicos a parte devindicada da paga extra do primeiro semestre de 2013. Con esta lei, a Administración galega devolverá este ano a cada traballador uns 180 euros de media, cun custo aproximado para a Xunta duns 25 millóns de euros.

Na súa intervención, o conselleiro lembrou que o proxecto de lei é **froito do acordo asinado** a principios de mes **entre a Consellería de Facenda e os sindicatos CSIF, UGT e CC.OO.** Ademais, nese acordo a Xunta comprometeuse a recuperar a partir de xaneiro de 2017 –un ano antes do inicialmente previsto– o pago do 100% das pagas extras.

“Os empregados galegos que axudaron tanto a soportar a crise económica, recuperarán a partir do vindeiro 1 de xaneiro as pagas extras que tiñan antes da crise”, sinalou o titular de Facenda, quen destacou que deste xeito quedan cancelados os axustes retributivos xerais aos empregados públicos que realizou o Goberno galego para blindar os servizos públicos.

Segundo explicou Valeriano Martínez, o proxecto de Lei establece que a Administración galega aboará neste 2016 o complemento específico devindicado da primeira paga extra do ano 2013, que corresponde cos meses de xaneiro e febreiro dese ano.

A devolución beneficiará ao conxunto de empregados públicos autonómicos, tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral, ao persoal estatutario da sanidade, ao persoal docente e non docente do ensino, ao persoal da Administración de Xustiza, e ao persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico. Tamén se estende ao persoal das universidades públicas e ao persoal do ensino concertado.

A Xunta efectuará esta devolución de oficio, evitando que os traballadores teñan que presentar recurso. Ademais, os empregados públicos tampouco terán que facer unha declaración complementaria do IRPF do ano 2013 por percibir esta devolución.

### Recuperación salarial e melloras do emprego público

Valeriano Martínez indicou que o Executivo galego xa blindou por lei a recuperación salarial dos empregados públicos, consciente do esforzo que realizaron durante a crise. Neste sentido, a Xunta aprobou a devolución da paga extra aprazada polo Goberno central en 2012, e que se completará o vindeiro mes de setembro. O 50% desta paga extra devolveuse no ano 2015 e o resto estase devolvendo, segundo o previsto, neste ano. Outro 25% foi devolto na nómina do mes de abril e o restante 25% devolverase na de setembro.

O Goberno galego tamén acometeu diversas melloras no desempeño do traballo por parte dos empregados públicos, como son o incremento das prazas de promoción interna na OPE 2016, a máis numerosa dos últimos sete anos; a xubilación parcial do persoal laboral que se traduce nun novo traballador ocupado; ou a reposición dos días libres de vacacións e de libre disposición.

Ademais, a Xunta tamén convocou as primeiras oposicións para persoas con discapacidade intelectual e aprobou novas medidas para reforzar a conciliación da vida laboral e familiar dos empregados públicos.

[LA VOZ DE GALICIA](#) El Parlamento aprueba devolver una parte de la paga extra a los funcionarios gallegos

## 5. PROPOSTAS DE CSI-F PARA A REESTRUTURACIÓN E PROMOCIÓN INTERNA DO PERSOAL AO SERVIZO DO PARLAMENTO

O pasado 27 de xuño houbo unha nova xuntanza cos representantes do Parlamento de Galicia e nos puxo en coñecemento varios acordos alcanzados cos representantes da Xunta de Persoal Funcionario do Parlamento:

- Respecto dos **excesos de xornada** do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia, chegouse a un novo acordo que matiza o anterior, de xeito que serán sempre retribuídos ao 100% agás naqueles casos no que o persoal afectado prefira e solicite optar pola compensación por medio de libranza.
- Recuperase o **seguro de vida** con unha garantía asegurada por falecemento por calquera causa e cun capital para a correspondente indemnización de 40000 euros. Elimínase a necesidade dun exame de saúde previa, porque se entende que beneficia ao persoal.
- Polo que respecta á **promoción interna**, chegouse a un acordo ao respecto a praza de xefatura do parque móbil, a outra praza de administrativo no servizo de administración parlamentaria e unha praza de guía para a tender ás visitas, de xeito que preténdese poñer en marcha o proceso para a cobertura das mesmas canto antes, e deixar o resto das prazas e das características do proceso de promoción para unha maior reflexión e para a súa consideración por parte das organizacións sindicais. Estas tres prazas serán provistas por medio do sistema de CONCURSO de méritos.

Dentro da reestruturación proposta pola administración parlamentaria, está prevista a amortización do posto de Director de Recursos Humanos e Réxime Interior, de xeito que as competencias desenvolvidas por esta dirección pasarán a engrosar os cometidos dos letrados, que repartiran as ditas tarefas de xeito que se encargaran da área de transparencia, da área de persoal, de contratación e de calidade do servizo. As ditas responsabilidades serán repartidas entre catro letrados do parlamento, e coordinadas polo Letrado Maior e implicarán un incremento retributivo dun total de 190 euros mensuais para compensar as novas responsabilidades. Este incremento retributivo está configurado como un complemento de produtividade que se aplicará, segundo nos informa a administración, de forma provisional e se irá avaliando o funcionamento deste sistema, e non supón un complemento que se consolide definitivamente.



Dende a CSI•F requirimos que esta cuestión sexa obxecto de negociación porque consideramos que encaixa no tenor do **artigo 67 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia**, que establece na súa **línea a)** que será materia obxecto de negociación o incremento das retribucións do persoal da Administración do Parlamento de Galicia que proceda incluír no proxecto de orzamentos do Parlamento.

Así mesmo, e en relación coa promoción interna proxectada, solicitamos que se retire a proposta de amortización das prazas que queden vacantes unha vez os seus titulares promocionen. Dende a CSI•F avogamos pro establecer un sistema de provisión baseado na oferta, en primeiro lugar, de todos os postos vacantes a través dun concurso de méritos e, unha vez completado ese proceso, que se oferten as prazas que queden vacantes polo sistema de promoción interna correspondente.

Tamén solicitamos que se procede á creación e, en consecuencia, á inclusión neste proceso de cobertura, daquelas prazas que podan ser precisas e necesarias para o desenvolvemento da actividade de parlamentaria.



## 6. CSIF RECLAMA UN ACORDO BÁSICO PARA FAVORECER A GOVERNABILIDADE E AS REFORMAS QUE NECESITA ESPAÑA

- **As urnas trasladaron unha mensaxe de diálogo e entendemento entre forzas políticas, fronte parálise dos últimos meses**

- **Urxe un plan para reforzar os persoais das Administracións, mellorar a xestión, aumentar a transparencia e a loita contra a corrupción**

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) aprobou unha declaración, con motivo das Eleccións celebradas o pasado domingo, na que reclama **un acordo básico que favoreza a gobernabilidade e as reformas que necesita España, fronte á parálise dos últimos meses**, como consecuencia da falta de acordos parlamentarios.

CSIF participou nesta semana na **Mesa Xeral das Administracións Públicas**, órgano que conforman sindicatos, representantes do Goberno en funcións, comunidades autónomas e concellos, que conforman o diverso mapa político das nosas administracións.

En opinión de CSIF, esta parálise incidiu negativamente, por exemplo, en ámbitos como os persoais da administración (só este ano arrastran un déficit de 17.337 empregos pola falta de emprego público e desde 2010 perdéronse máis de 150.000, a razón de 78 empregos ao día); os recortes e a falta de unidade de criterio no Ensino ou as diferenzas en Atención Sanitaria entre comunidades, como consecuencia dos recortes.

### MENSAXE DE ENTENDEMENTO E DIÁLOGO

Desde CSIF, entendemos que **a cidadanía deste país trasladaron unha clara mensaxe de entendemento e diálogo**. Xa o avisamos, 2,5 millóns de empregados públicos e as súas familias seguen ao detalle as súas propostas e lamentablemente os servizos públicos e a situación das traballadoras e traballadores das administracións estiveron ausentes da campaña electoral.

- ☞ Dende CSIF, reclamamos un exercicio de responsabilidade e altura política para buscar un común denominador que a tenor dos diferentes programas podería pasar por: **un programa de reformas de carácter social e laboral; reformas de rexeneración política, transparencia e loita contra a corrupción e reformas para o fortalecemento dos servizos públicos moi deteriorados durante a crise económica**.
- ☞ **No que se refire ás administracións públicas, é hora de pasar páxina á crise nas nosas administracións** e establecer un novo marco xurídico que devolva a dignidade ás traballadoras e traballadores e garanta o Estado do Benestar e o carácter público dos servizos.
- ☞ Debemos **poñer en valor a función social dos empregados públicos** trala campaña de desprestixio sufrida durante os últimos anos, desde diferentes esferas de poder e grupos de opinión e comunicación.
- ☞ Debemos **dignificar as condicións dos empregados públicos, modernizar as administracións, impulsar a súa eficacia e eficiencia, a transparencia e o rigor na xestión do diñeiro público**, con criterios compartidos entre as diferentes organizacións políticas, que eviten volver caer nos erros do pasado.

### REIVINDICACIÓNS DE CSIF PARA AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

A partir de aí, as reivindicacións de CSIF nesta nova etapa, que serán ratificadas mañá previsiblemente polo Consello Sindical (máximo órgano de representatividade do sindicato) pasan por:

1. **Recuperación das condicións laborais.** Os empregados públicos. Reclamamos un calendario para a recuperación do poder adquisitivo (**ata o 30 por cento** en función dos recortes das diferentes administracións. **DEBEMOS RECUPERAR A ESTRUCTURA SALARIAL DE MAIO 2010 PREVIA AO COMEZO DOS RECORTES.**

- Xeneralizar a devolución da paga extra de 2012 en comunidades e concellos. Ao redor de 1,5 millóns de traballadores están aínda pendentes do seu devolución.

- Xornada laboral de 35 horas semanais. É unha medida fundamental para garantir a excelencia e crear emprego de calidade e cualificado. Esta medida redonda na satisfacción e produtividade e aumentaría a calidade na prestación dos servizos que reciben os nosos cidadáns.

- Eliminación definitiva dos descontos retributivos en todas as baixas por enfermidade.

- Derrogación da disposición adicional da reforma laboral, no concernente ao despedimento do persoal laboral do persoal das Administracións Públicas.

- Fomentar medidas de flexibilidade horaria (bolsa de horas) e conciliación da vida familiar e laboral.

- Desenvolvemento do Estatuto Básico (Lei de Función Pública, desenvolvemento da carreira profesional, avaliación do desempeño, teletraballo, bolsas de horas?); protocolo de mobilidade de mulleres vítimas de violencia de xénero sen perda retributiva.

- Acabar coa inflación de postos de traballo designados directamente por cargos políticos.

- O fortalecemento da profesionalización das Administracións Públicas, garantindo a independencia das persoas que traballan na Administracións Públicas a través do xusto acceso, promoción, provisión e de postos de traballo mediante a aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

2. **Reforzo das plantillas** das diferentes administracións públicas. Pedimos a supresión da taxa de reposición e un estudo das necesidades reais de emprego.

3. **Negociación dunha Lei de Función Pública** que devolva a dignidade, o prestixio e a dedicación dos nosos empregados públicos, e que mellore a promoción e a carreira administrativa. Desenvolvemento do Estatuto Básico (desenvolvemento da carreira profesional, avaliación do desempeño, teletraballo, bolsas de horas); protocolo de mobilidade de mulleres vítimas de violencia de xénero sen perda retributiva.

4. **A rexeneración democrática dos sindicatos.** Para mellorar o actual sistema de representación sindical incorporando á negociación colectiva novas organizacións sindicais que reflectan a pluralidade da sociedade española, actualmente constreñida no "bipartidismo sindical" das dúas organizacións tradicionais de clase.

## 7. NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA

FUNCIONARIOS: CORPOS XERAIS			
Promoción interna	A1	<a href="#">C. SUPERIOR A.X.</a>	Publicación diversos acordos e puntuacións 1º exercicio
	A2	<a href="#">C. XESTIÓN A.X.</a>	Publicación diversos acordos e ampliación prazo 2º exercicio
	C1	<a href="#">C. ADMINISTRATIVO A.X.</a>	2º exercicio, 14 de xullo
	C2	<a href="#">C. AUXILIAR A.X.</a>	2º exercicio, ampliación prazo 2 días háb.
Acceso libre	A1	<a href="#">C. SUPERIOR A.X.</a>	Portas chamamento 1º exercicio
	A2	<a href="#">C. XESTIÓN A.X.</a>	1º exercicio, 9 de xullo e portas chamamento 2º exercicio
	C1	<a href="#">C. ADMINISTRATIVO A.X.</a>	1º exercicio, 9 de xullo
	C2	<a href="#">C. AUXILIAR A.X.</a>	1º exercicio, 15 de xullo
FUNCIONARIOS: ESCALAS			
Promoción interna	A2	<a href="#">E.T. FINANZAS</a>	Publicación diversos acordos e data 2º exercicio 21 de xullo
Acceso libre	A1	<a href="#">E.S. FINANZAS</a>	2º exercicio, 28 de xullo e publicación diversos acordos e notas 1º exercicio

## 8. CURSOS NA EGAP PARA PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

### [EGAP - DOG, 1 DE XULLO](#)

Resolución do 21 de xuño de 2016 pola que se convocan as **actividades de formación para o persoal da Administración local** da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Ser empregado público ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos noutras administracións públicas de Galicia, que se encontren en situación de servizo activo...

#### PRAZO DE INSCRICIÓN

**10 días naturais** a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

#### AREAS DE ACTIVIDADE

- Réxime xurídico e xestión das entidades locais (Presenciais en Santiago e Vigo)
- Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa (Teleformación e mixta)
- Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades (Presencial en Santiago e teleformación)
- Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) (Teleformación)

## 9. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Concello	Boletín	Data	Denominacións dos postos	Nº	Sistema de selección	Prazo
<a href="#">A Bola</a>	BOPOU	30-X	Axuda no fogar	Bolsa	Ver bases	5 días naturais
<a href="#">A Capela</a>	BOPAC	29-X	Albanel of. 1ª Conductor maquinaria of. 2ª Peóns	1 1 2	Concurso oposición e	7 días naturais
<a href="#">A Laracha</a>	BOPAC	30-X	Xefe de brigada Peón de brigada-conductor Peón de brigada)	Bolsa	Concurso oposición e	5 días hábiles
<a href="#">Ames</a>	BOPAC	1-XL	Peóns Xefe de brigada	4 1	Concurso oposición e	5 días hábiles
<a href="#">As Nogais</a>	BOPLU	2-XL	Xefes de brigada Peóns forestais condutores Peóns forestais	2 2 6	Concurso	5 días hábiles
<a href="#">As Pontes</a>	DOG	28-X	Axente notificador e de recadación Aux. Advo. de servizos sociais	1 1	Concurso oposición e	20 días a publicación no BOE
<a href="#">Betanzos</a>	BOPAC	28-X	Auxiliares de policía local	4	Probas	10 días hábiles
<a href="#">Becerreá</a>	BOPLU	1-XL	Condutores motobomba	2	Concurso	5 días naturais
<a href="#">Burela</a>	BOPLU	1-XL	Administrativo (C1)	1	Oposición	10 días naturais
<a href="#">Cedeira</a>	BOPAC	30-X	Informador turístico	Bolsa	Concurso oposición e	20 días naturais
<a href="#">Cerdido</a>	BOPAC	28-X	Peóns	3	Ver	5 días hábiles
<a href="#">Cervo</a>	BOPLU	29-X	Peóns Socorristas	5 3	Ver bases	10 días naturais
<a href="#">Culleredo</a>	BOPAC	27-X	Listas de substitución	Listas		
<a href="#">Gondomar</a>	BOPPO	27-X	Profesor de piano		Concurso oposición e	10 días naturais
<a href="#">Monfero</a>	BOPAC	30-X	Animador cultural	1	Concurso entrevista e	10 días naturais
<a href="#">Os Blancos</a>	BOPOU	27-X	Socorrista Profesor	1 1	Concurso	3 días hábiles

			Monitor tempo libre	1		
<a href="#">Paradela</a>	BOPLU	1-XL	Condutores motobomba	3	Ver bases	10 días naturais
<a href="#">Pontevedra</a>	BOPPO	27-X	Enxeñeiro informático	Lista	Concurso oposición <sup>e</sup>	20 días naturais
<a href="#">Pontevedra</a>	BOPPO	27-X	Enx. Tco. obras públicas	Lista	Concurso oposición <sup>e</sup>	10 días naturais
<a href="#">Pontevedra</a>	BOPPO	30-X	Intendente da policía local Inspector da policía local Oficial policía local Policía local	1 2 3 3	Oposición	20 días naturais publ. no BOE
<a href="#">Rairiz de Veiga</a>	BOPOU	27-X	Vendedor billetes	1	Concurso	5 días naturais
<a href="#">Sandiás</a>	BOPOU	1-XL	Peóns extinción incendios Xefes de brigadas	4 1	Concurso	5 días naturais
<a href="#">Toén</a>	BOPOU	1-XL	Peóns extinción incendios Xefes de brigadas	8 2	Concurso	5 días naturais
<a href="#">O Vicedo</a>	BOPLU	1-XL	Educadores infantís	2	Concurso oposición <sup>e</sup>	10 días naturais
<a href="#">Vilalba</a>	BOPLU	1-XL	Tco. Admón. Xeral (A1) Advo. Admón. Xeral (C1)	1 1	Concurso oposición <sup>e</sup>	OEP-2016
<a href="#">Vilar de Santos</a>	BOPOU	29-X	Peóns prevención incendios Xefe de brigada	4 1	Concurso	5 días naturais
<a href="#">Deputación da Coruña</a>	BOPAC	29-X	Arquitecto técnico	Listas	Oposición	20 días naturais
<a href="#">Deputación da Coruña</a>	BOPAC	29-X	Arquitecto	Listas	Oposición	20 días naturais
<a href="#">Deputación da Coruña</a>	BOE	27-X	Administrativo Ingeniero Civil Ingeniero de Edificación Tco. de Gestión Tco. de Biblioteca y Archivo Tco. de Organización Tco. Esp. en Delineación Tco. Esp. en Informática Tco. Sup. en Educ. Infantil Tutor	1 1 1 1 1 1 1 1 1 1	Concurso oposición <sup>e</sup>	20 días naturais

## 10. OFERTAS DE EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

### MINISTERIO DE HACIENDA Y AA.PP. - 22 DE JUNIO

Orden HAP/998/2016, de 17 de junio, por la que se convocan procesos selectivos para el ingreso o el **acceso a Cuerpos de la Administración General del Estado**, y se encarga su realización a la Comisión Permanente de Selección.

### CUADRO RESUMEN DE LA OFERTA DE LA CONVOCATORIA

CUERPO/ESCALA	TOTAL PLAZAS	MOD.	SIST. GEN.	CUPO DISC.	ANEXOS
Cuerpo General Auxiliar de la Admón. del Estado	400	I.L	364	36	I
Cuerpo General Auxiliar de la Admón. del Estado	756	P.I	645	111	II
Cuerpo General Administrativo de la Admón. del Estado	1.000	P.I	943	57	III
Cuerpo de Técnicos Auxiliares de Informática de la Administración del Estado	150	I.L	142	8	IV
Cuerpo de Técnicos Auxiliares de Informática de la Administración del Estado	55	P.I	52	3	V
Cuerpo Gestión de la Admón.Civil del Estado	180	I.L	166	14	VI
Cuerpo Gestión de la Admón.Civil del Estado	135	P.I	127	8	VII
Cuerpo Gestión de Sistemas e Informática de la Administración del Estado	130	I.L	120	10	VIII
Cuerpo Gestión de Sistemas e Informática de la Administración del Estado	61	P.I	58	3	IX
<b>TOTAL</b>	<b>2.867</b>		<b>2.617</b>	<b>250</b>	<b>-</b>

### SOLICITUDES Y PLAZO

Quienes deseen participar en estas pruebas selectivas deberán hacerlo constar en el formulario de solicitud (modelo 790) en el enlace <http://administracion.gob.es/PAG/ips>

Una vez cumplimentada, la solicitud tendrá que ser presentada en el **plazo de veinte días naturales** contados a partir del día siguiente al de la fecha de publicación de esta convocatoria en el BOE.

## 11. OTRAS NOVAS: UNIVERSIDADE, OFERTAS EMPREGO PÚBLICO, FAS, RESUMO PRENSA

### UNIVERSIDADE FORMACIÓN E OPE

#### EGAP - DOG, 28 DE XUÑO

Resolución do 14 de xuño de 2016 pola que se convocan as actividades de **formación para o persoal de administración e servizos (PAS)** das universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### USC - DOG, 28 DE XUÑO

Resolución do 14 de xuño de 2016 pola que se publica a **oferta de emprego público (OPE) do persoal docente e investigador** para o ano 2016.

## CORTES GENERALES:

### OPOSICIÓN

#### CORTES GENERALES - BOE, 14 DE JUNIO

Resolución de 10 de mayo de 2016, conjunta de las Presidencias del Congreso de los Diputados y del Senado, por la que se convoca oposición de **50 plazas para el Cuerpo Administrativo de las Cortes Generales** por los turnos libre, restringido y de discapacidad.

Plazo de inscripción finaliza: **4 de julio**

## F.N.M.T.:

### PROCESO SELECTIVO

#### FABRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE

Convocatoria de pruebas de selección para proveer **45 plazas de Auxiliar de Producción** (nivel 4) en la Dirección Industrial correspondientes a la Oferta de Empleo Público, mediante el proceso selectivo de oposición y concurso de méritos.

Plazo de inscripción finaliza: **18 de julio.**

## FAS 2015

Segundo nos trasladan dende a Administración autonómica, as **listas provisionais do FAS 2015** serán publicadas no DOG o vindeiro **6 de xullo**

[La campaña de máximo riesgo de incendios arranca sin estar contratados 500 brigadistas](#) LA VOZ

[La Xunta retrasa casi medio mes la campaña contra incendios](#) EL PAIS

[La Xunta incorpora a la tarjeta sanitaria la historia electrónica única de todos los beneficiarios de los servicios sociales](#) LA VOZ

## THE WEEKLY PRESS

## 12. PUBLICACIÓN IGE: "PENSIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL POR CONCELLO DE RESIDENCIA DO PENSIONISTA. ANO 2015"

O IGE realizou unha explotación do ficheiro de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) e polo Instituto Social de la Marina (ISM), froito do convenio de colaboración entre os ditos organismos e o IGE (BOE núm. 219 do 12 de setembro de 2012).

Os datos que se presentan neste apartado son relativos ao **colectivo de titulares de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo INSS e polo ISM, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia** (titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas polas direccións provinciais da Comunidade Autónoma; titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas por outras direccións provinciais). Non se inclúen, polo tanto, aquelas persoas que teñen un sistema de previsión social distinto á Seguridade Social, como por exemplo, os funcionarios de clases pasivas.

O criterio xeográfico empregado para a clasificación dos datos é o municipio de residencia do titular da pensión, que se obtén mediante o cruce do ficheiro de Pensións Contributivas da Seguridade Social co Padrón municipal continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE).

A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de de cada ano.

Poden atopar máis información en:

[http://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/Pensions\\_ResumoResultados.html](http://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/Pensions_ResumoResultados.html)

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205008](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205008)



CSI-F Unión Provincial A Coruña  
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.  
15008 A Coruña  
Tel. 981 134 113  
Fax: 981 060 324  
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autónoma Galicia  
Rúa do Valiño, 65 - baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140  
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo  
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior  
27003 Lugo  
Tel. 982 250 169 982 254 859  
Fax: 982 245 521  
lugo@csi-f.es

A CORUÑA

LUGO

SANTIAGO

PONTEVEDRA

OURENSE

CSI-F Unión Provincial Pontevedra  
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan  
36001 Pontevedra  
Tel. 986 896 900  
Fax: 986 896 901  
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense  
Rúa Progreso, 145 - Entre chan  
32003 Ourense  
Tel. 988 241 111  
Fax: 988 213 538  
ourense@csi-f.es

[www.heraldtoupeiras.es](http://www.heraldtoupeiras.es)



2016

